

I CONVOCATORIA

BOLSAS DE ATRACCIÓN DE TALENTO MESTRADO UNIVERSITARIO EN BIOLOXÍA MOCECLAR, CELULAR E XENÉTICA UDC

0

Código Seguro De Verificación	mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María Esperanza Cerdán Villanueva	Asinado	14/07/2022 12:01:37
Observacións		Páxina	1/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Contido

PREÁMBULO.....	2
1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.....	2
2. CONDICIÓNS DAS BOLSAS E FINANCIAMENTO.....	2
3. REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS.....	3
4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.....	3
5. PRAZO DE PRESENTACIÓN E ADMISIÓN DE SOLICITUDES.....	4
6. SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN.....	5
7. ÓRGANO DE SELECCIÓN.....	5
8. RESOLUCIÓNS E ALEGACIÓNS.....	5
9. ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN.....	6
10. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.....	6
11. INCUMPRIMENTOS.....	6
12. PROTECION DE DATOS.....	7
ANEXO I.....	8
ANEXO II.....	10
ANEXO III.....	11
ANEXO IV.....	12

Código Seguro De Verificación	mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María Esperanza Cerdán Villanueva	Asinado	14/07/2022 12:01:37
Observacións		Páxina	2/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



I CONVOCATORIA DE BOLSAS ATRACCIÓN DE TALENTO METRADO BIOLOXÍA MOLECULAR CELULAR E XENÉTICA UDC

A formación de persoal científico e capacitación de persoal altamente cualificado no ámbito da Bioloxía Molecular, Celular e Xenética é un dos obxectivos do Mestrado Universitario en BIOLOXÍA MOLECULAR E XENÉTICA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (BMCG-UDC).

Neste sentido, a UDC convoca e regula, a través deste documento, as bolsas “ATRACCIÓN DE TALENTO DO MESTRADO BMCG-UDC” co obxectivo de incentivar aos estudantes con bo expediente e interesados en realizar estes estudos.

PREÁMBULO

O Mestrado Universitario en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética impártese na UDC dende o curso 2009-10, tendo obtido no ano 2020 a mención de excelencia que a Xunta de Galicia outorga dende ese mesmo ano aos mestrados do Sistema Universitario Galego. (SUG) que cumpran requisitos de alta calidade na planificación e desenvolvemento dos estudos de mestrado.

Dentro do plan estratéxico elaborado para a obtención da mención de excelencia, inclúese unha actuación relacionada con esta convocatoria: “Eixo: Atracción de alumnado. Acción: Incentivo á ATRACCIÓN de talento na matrícula”.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O Mestrado BMCG-UDC que se imparte na Facultade de Ciencias pon en marcha estas bolsas co obxectivo de incentivar aos estudantes con bo expediente e motivados nesta especialización.

2. CONDICIÓNS DAS BOLSAS E FINANCIAMENTO

O O Mestrado BMCG-UDC ofrece, en réxime de concorrencia competitiva, un máximo de 4 bolsas dirixidas ao alumnado matriculado no mestrado BMCG-UDC e destinadas a sufragar os gastos de matrícula.

O financiamento destas bolsas destinarase á partida orzamentaria 6100.242801 correspondente ás axudas asociadas á mención de excelencia dos mestrados universitarios oficiais impartidos polas universidades do Sistema Universitario de Galicia (Resolución do 2 de xullo 2020 publicada no D.O.G. do 15 de xullo de 2020).

O importe máximo destinado a estas bolsas é de 4.500 €.

As 4 bolsas asignaranse entre estudantes de distinta procedencia coa seguinte distribución en modalidades:

Código Seguro De Verificación	mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María Esperanza Cerdán Villanueva	Asinado	14/07/2022 12:01:37
Observacións		Páxina	3/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Modalidade A: 1 bolsa para estudantes de estudos de grao da UDC que dan acceso ao Mestrado BMCG-UDC. Importe 1000 €

Modalidade B: 1 bolsa para estudantes de estudos de grao realizados no SUG que dan acceso ao Mestrado BMCG-UDC. Importe 1000 €

Modalidade C: 1 bolsa para estudantes de estudos de grao realizados no Espazo Europeo de Educación Superior que dean acceso ao mestrado BMCG-UDC. Importe 1000 €

Modalidade D: 1 bolsa para estudantes de estudos de grao realizados nun territorio alleo ao Espazo Europeo de Educación Superior que dean acceso ao mestrado BMCG-UDC. Importe 1.500 €

O importe destas bolsas está suxeito ás deducións fiscais correspondentes en cada caso.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

Poderán solicitar estas bolsas os estudantes que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser estudante matriculado por primeira vez no mestrado en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética da UDC no curso 2022-23.
- Rematou os seus estudos para acceder ao Mestrado BMCG-UDC con posterioridade ao 15 de xuño de 2019.

A percepción da bolsa será incompatible con calquera outra axuda ou subvención para a mesma finalidade. Solicitaráselles aos adxudicatarios unha declaración responsable debidamente cuberta e asinada (anexo III), que remitirán por correo electrónico a decanato.ciencias@udc.gal. Se, unha vez concedida a bolsa, anulan a matrícula ou abandonan os estudos deste mestrado, deberán proceder á devolución da axuda.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A presentación de solicitudes realizarase preferentemente a través do rexistro da Sede Electrónica (https://sede.udc.gal/services/telematic_register) da UDC dirixida ao Decano da Facultade de Ciencias da UDC ou por calquera das medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os solicitantes cubrirán o modelo de solicitude: (anexo I) e presentarán na Sede xunto coa seguinte documentación:

Código Seguro De Verificación	mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María Esperanza Cerdán Villanueva	Asinado	14/07/2022 12:01:37
Observacións		Páxina	4/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Copia do xustificante de matrícula do curso 2022/2023 ou documento acreditativo equivalente expedido pola Universidade da Coruña.

- Copia do expediente académico da titulación ou título equivalente no que consten as cualificacións obtidas e a nota media do expediente na base 10 (Real decreto 1125/2003). O alumnado da UDC pode descargalo accedendo á Secretaría Virtual (<https://matricula.udc.es/LoginX/Login.asp>). No caso de estudos realizados no estranxeiro, será necesario presentar o expediente de equivalencia de notas medias seguindo o modelo da consellería:

<https://sede.educacion.gob.es/sede/login/inicio.jjsp?idConvocatoria=818>

- *Curriculum vitae*.

- Carta de motivación expresando o seu interese en obter a bolsa (máx. 200 palabras).

A presentación da solicitude implica que as persoas solicitantes aceptan as bases desta convocatoria e declaran que toda a documentación e información proporcionada é veraz. Así mesmo, comprométese a achegar, en calquera momento do proceso de avaliación ou do disfrute da bolsa, a documentación orixinal que lles poida ser solicitada. Non responder ao requirimento dará lugar á exclusión da solicitude ou ao reintegro da bolsa no caso de que a persoa resultase beneficiaria.

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN E ADMISIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto do 1 ao 16 de setembro de 2022. A relación de aspirantes publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña (en diante TEO), que será tamén o lugar de publicación de todas as listaxes. e resolucións para efectos de publicidade e notificación. Tamén se publicará na páxina web da Facultade de Ciencias.

Recibidas as solicitudes, a comisión de selección revisará a documentación segundo o disposto na convocatoria e publicará a relación provisional de persoas admitidas e excluídas coa indicación da causa de exclusión.

Os aspirantes que non resulten admitidos disporán dun prazo de 3 días hábiles desde a publicación no TEO, para reclamar e/ou modificar a súa solicitude. Para a presentación disporán dos mesmos medios recollidos na base 4 desta convocatoria.

Unha vez resoltas as reclamacións pola comisión de selección, publicarase a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Código Seguro De Verificación	mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María Esperanza Cerdán Villanueva	Asinado	14/07/2022 12:01:37
Observacións		Páxina	5/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



6. SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN

Criterios de selección

As solicitudes recibidas ordenaranse segundo os seguintes criterios (puntuación máxima 100 puntos):

- a) Expediente académico: 80 puntos.
- b) *Curriculum vitae*: 10 puntos (publicacións BMCG indexadas JCR: 2 puntos/item, premios o bolsas de colaboración nos departamentos: 2 pts./item, e formación relacionada co obxecto das bolsas: 0,1 -1 punto/item de mais de 10 horas).
- c) Carta de motivación: 10 puntos.

En caso de empate, terán prioridade os candidatos con mellor expediente académico.

As bolsas poderían quedar desertas en calquera das modalidades no caso de que non houberse suficientes candidatos cun expediente académico igual ou superior a 8. Neste caso, poderase conceder a bolsa noutra modalidade a xuízo da Comisión de Selección. Un procedemento similar seguirase no caso de renuncias á aceptación da bolsa de non existir candidatos da mesma modalidade.

Concesión de bolsas

Será realizada polo órgano de selección seguindo os criterios de selección establecidos.

7. ÓRGANO DE SELECCIÓN

A comisión de selección será a Comisión Académica do Mestrado Universitario en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética da UDC, segundo os criterios e puntuacións descritos na base 6 desta convocatoria, e emitirá un informe coa puntuación de todas as solicitudes presentadas. .

8. RESOLUCIÓN E ALEGACIÓN

De acordo co informe emitido pola comisión de selección, a proposta de resolución publicarase no TEO e na páxina web da Facultade de Ciencias. Ademais desta proposta de resolución, poderase publicar unha lista de espera no caso de que existan renuncias dos beneficiarios.

Os aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación no TEO, para presentar reclamacións motivadas contra esta proposta (polos medios recollidos na base 4 desta convocatoria).

Código Seguro De Verificación	mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==		Estado	Data e hora
Asinado Por	María Esperanza Cerdán Villanueva		Asinado	14/07/2022 12:01:37
Observacións			Páxina	6/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Así mesmo, no prazo de 3 días hábiles contados desde a publicación no TEO da proposta de resolución, os adxudicatarios deberán comunicar a súa aceptación mediante o envío do Anexo II cuberto e asinado por correo electrónico a decanato.ciencias@udc.gal. Ademais, tamén deberán presentar o anexo III (declaración responsable). A non presentación desta documentación no prazo estipulado implicará a perda da bolsa.

Transcorrido o prazo de presentación de reclamacións sen que contra a proposición se presentase reclamación, ou no caso de presentarse, unha vez xustificadas, a comisión de selección publicará a resolución de concesión no TEO e na páxina web da Facultade de Ciencias.definitivo.

Contra esta resolución cabe recurso de alzada ante o xefe do decanato da Facultade de Ciencias.

9. ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN

As persoas beneficiarias das bolsas deberán comprobar cos orixinais no Decanato da Facultade de Ciencias, a documentación presentada na convocatoria e achegar a seguinte documentación:

- a) Copia do documento de identidade (DNI) ou pasaporte por ambas caras.
- b) Documento de rexistro de persoal dos bolseiros da UDC (anexo IV).

10. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias das bolsas están obrigadas a:

- Rematar os estudos do Mestrado BMCG-UDC no curso 2022-23. Se o estudante beneficiario non remata os estudos de Mestrado no curso 2022-23, deberá renunciar a esta bolsa e devolver o importe percibido.
- Comunicar calquera incidencia que impida realizar o desenvolvemento da bolsa no prazo e forma establecidos.
- Se o alumno beneficiario acepta posteriormente outra axuda para a realización dos estudos de mestrado que teña asociada ao pagamento da matrícula, deberá renunciar a esta bolsa e devolver o importe percibido.

11. INCUMPRIMENTOS

A persoa beneficiaria comprométese a cumprir todas as normas desta convocatoria. Non axustarse á convocatoria, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada, así como o incumprimento total ou parcial das obrigas recollidas nesta convocatoria e demais normas aplicables, ou das condicións que, de ser o caso, se establezan nas

Código Seguro De Verificación	mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==		Estado	Data e hora
Asinado Por	María Esperanza Cerdán Villanueva		Asinado	14/07/2022 12:01:37
Observacións			Páxina	7/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



correspondentes resolucións de concesión, sen motivo xustificado, poderán ser causa de desestimación ou ocasionar o reintegro da bolsa.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

A protección dos datos persoais é un dereito fundamental recoñecido no artigo 18 da Constitución, e regulado en dúas normas: o Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27/04/2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXP), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD). Para aplicar esta normativa no ámbito da Universidade da Coruña, o seu Consello de Goberno aprobou a normativa xeral relativa á protección de datos persoais na UDC:

https://www.udc.es/es/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD, así como o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria.

A Coruña 14 Xullo 2022

M^a Esperanza Cerdán Villanueva

Coordinadora Mestrado Bioloxía Molecular, Celular e Xenética

Código Seguro De Verificación	mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	María Esperanza Cerdán Villanueva	Asinado	14/07/2022 12:01:37
Observacións		Páxina	8/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO I SOLICITUDE DA BOLSA
CONVOCATORIA DE BOLSAS ATRACCIÓN DE TALENTOS MESTRADO UNIVERSITARIO EN BIOLOXÍA MOECULAR, CELULAR E XENÉTICA UDC

 D./D^a.....

con NIF/NIE/Número de pasaporte

con estudos de acceso ao mestrado cursados na Universidade de

con domicilio en.....

correo electrónico.....Teléfono.....

MANIFESTO:

Que DESEXO PARTICIPAR NA DITA CONVOCATORIA e achego os seguintes documentos para a valoración da miña candidatura:

- Copia do DNI ou pasaporte
- Copia do xustificante de primeira matrícula no mestrado de Bioloxía Molecular, Celular e Xenética da UDC para o curso 2022/2023 ou documento acreditativo equivalente expedido pola Universidade da Coruña.
- Copia do expediente académico da titulación ou título equivalente no que figuren as cualificacións obtidas e a nota media do expediente na base 10 (Real decreto 1125/2003). O alumnado da UDC pode descargalo accedendo á Secretaría Virtual (<https://matricula.udc.es/LoginX/Login.asp>). No caso de estudos realizados no estranxeiro, será necesario presentar o expediente de equivalencia de notas medias seguindo o modelo da consellería: <https://sede.educacion.gob.es/sede/login/inicio.jjsp?idConvocatoria=818>
- Curriculum vitae.
- Carta de motivación expresando o seu interese por conseguir a bolsa (máx. 200 palabras).

Código Seguro De Verificación	mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==		Estado	Data e hora
Asinado Por	María Esperanza Cerdán Villanueva		Asinado	14/07/2022 12:01:37
Observacións			Páxina	9/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



Que lino regulamento da “CONVOCATORIA DE BOLSAS DE ATRACCIÓN DE TALENTOS MESTRADO EN BIOLOXÍA MOCECULAR, CELULAR E XENÉTICA UDC”, publicada o/...../2022 no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña, e no que se establecen as bases e condicións que regulan as bolsas,

Que declaro que a información facilitada é certa e comprométome a comparar a documentación presentada para a súa valoración cos orixinais se me conceden esta bolsa.

En, de de 2022

Asinado:

DECANO DA FACULDADE DE CIENCIAS: COMISIÓN DE SELECCIÓN CONVOCATORIA DE BOLSAS ATRACCIÓN DE TALENTO MESTRADO UNIVERSITARIO EN BIOLOXÍA MOCECULAR, CELULAR E XENÉTICA UDC

Código Seguro De Verificación	mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==		Estado	Data e hora
Asinado Por	María Esperanza Cerdán Villanueva		Asinado	14/07/2022 12:01:37
Observacións			Páxina	10/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



ANEXO II ACEPTACIÓN DA BOLSA
**CONVOCATORIA DE BOLSAS ATRACCIÓN DE TALENTOS MESTRADO UNIVERSITARIO EN
 BIOLOXÍA MOCECULAR, CELULAR E XENÉTICA UDC**

D./D^a....., con NIF/NIE/Número de pasaporte, de acordo coa solicitude presentada para participar na “CONVOCATORIA DE BOLSAS DE ATRACCIÓN DE TALENTO MESTRADO UNIVERSITARIO EN BIOLOXÍA MOCECULAR, CELULAR E XENÉTICA UDC, publicada o/..... /2022 no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña, e no que se establecen as bases e condicións que regulan as bolsas,

MANIFESTO:

Que ACEPTO a adxudicación da bolsa para a que se me propón, segundo a correspondente proposta de resolución publicada o/...../2022 no TEO da Universidade da Coruña, e comprométome a cumprir todas as condicións establecidas na documentación da citada convocatoria.

En, de de 2022

Asdo.:

DECANO DA FACULDADE DE CIENCIAS: COMISIÓN DE SELECCIÓN CONVOCATORIA DE BOLSAS ATRACCIÓN DE TALENTO MESTRADO UNIVERSITARIO EN BIOLOXÍA MOCECULAR, CELULAR E XENÉTICA UDC

Código Seguro De Verificación	mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==		Estado	Data e hora
Asinado Por	María Esperanza Cerdán Villanueva		Asinado	14/07/2022 12:01:37
Observacións			Páxina	11/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



ANEXO III
DECLARACIÓN RESPONSABLE CORRESPONDENTE A BOLSA

D./D.^a....., con
 NIF/NIE/Pasaporte número, de acordo coa solicitude presentada
 para participar na “CONVOCATORIA DE BOLSAS ATRACCIÓN DE TALENTO MESTRADO
 UNIVERSITARIO EN BIOLOXÍA MOECULAR, CELULAR E XENÉTICA UDC”, publicada o
/...../2022 no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña, na que se
 establecen as bases e condicións que regulan as bolsas,

DECLARO:

Que non solicitei nin se me concedeu ningunha outra axuda ou subvención, nin percibo ningún
 outro tipo de remuneración, para a mesma finalidade para a que solicito a bolsa

En, de de de 2022

Asdo.:

**DECANO DA FACULTADE DE CIENCIAS: COMISIÓN DE SELECCIÓN CONVOCATORIA DE BOLSAS
 ATRACCIÓN DE TALENTO MESTRADO UNIVERSITARIO EN BIOLOXÍA MOECULAR, CELULAR E
 XENÉTICA UDC**

Código Seguro De Verificación	mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==		Estado	Data e hora
Asinado Por	María Esperanza Cerdán Villanueva		Asinado	14/07/2022 12:01:37
Observacións			Páxina	12/13
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



ANEXO IV
ALTA DE PERSOAL PARA BOLSEIROS/AS

Datos persoais		
Apelidos:		Nome:
DNI/NIF:	NASS:	Teléfono:
Correo electrónico da UDC (@udc.gal):		
Enderezo:		
Código postal:	Localidade:	Provincia:
Data de nacemento:	Lugar de nacemento:	
Datos bancarios		
<i>Indica a mesma conta bancaria do Banco Santander da que solicites a alta no sistema contable da UDC.</i> <i>Debes indicar correctamente a conta bancaria: ESXX + 20 díxitos (Código IBAN)</i>		
Código IBAN:		

A Coruña, de de 2022

Asdo.:

SERVIZO DE RETRIBUCIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E ACCIÓN SOCIAL

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==	Asinado	14/07/2022 12:01:37
Asinado Por	Páxina	13/13
Observacións		
Url De Verificación		https://sede.udc.gal/services/validation/mBi80tuZqIcJNq6/iABa+Q==
Normativa		Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).

